

PROTOCOLO ESPECÍFICO DE ACTUACION E MEDIDAS PARA A PREVENCIÓN DA COVID-19 NO 42 RALLYE RECALVI SAN FROILAN

Co obxectivo principal de preservar a saúde de todos, e como complemento das seguintes normativas:

- PROTOCOLO FISIICOVID-DXT GALEGO DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE
- PROTOCOLO FISIICOVID-DXT GALEGO PARA AUTOMOBILISMO GALEGO DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO, elabórase este documento coas medidas específicas que a Escudería Miño Lucense vai impulsar na organización do **42 Rallye RECALVI San Froilan**.

ADAPTACIÓN Á NORMATIVA VIXENTE EN CADA MOMENTO.

- Este protocolo estará sempre supeditado ás medidas de prevención establecidas en cada momento polas autoridades sanitarias para os diferentes concellos onde se desenvolva o Rally, motivo polo cal este documento deberá ser obxecto de modificación no caso de que se producirá algún cambio ao respecto antes ou durante a celebración da proba. Se en calquera momento existirán contradicións entre este protocolo e a normativa en vigor, lóxicamente prevalecerá esta sobre o protocolo.
- Neste momento, tendo en consideración o DISPOSTO na ORDE do 7 de outubro de 2020 sobre medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Lugo (DOG, 203-Bis de 7 de outubro de 2020), unha vez atendida a evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria deste, mantense no dito concello a eficacia das medidas de prevención previstas na Orde do 28 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no concello de Lugo, na súa redacción vixente.

MEDIDAS XERAIS

➤ Control de acceso e limitación de aforo.

- O centro neurálxico de rallye será un ano máis o **HOTEL FORUM CEAO**, onde se albergará a Oficina Permanente, Dirección de Carrera.
- Os Reagrupamentos/Parque de Custodia serán no Aparcadoiro do auditorio Municipal Gustavo Freire, no Concello de Lugo.
- O Parque de traballo será un ano máis no Polígono de Outeiro de Rei
- Será obrigatorio o uso de máscara para o acceso ao recinto.
- Será recomendado o uso de xeles hidroalcohólicos para o seu uso periódico.
- Haberá carteis informativos en todas as instalacións con recomendacións de todas as medidas de seguridade.
- Acceso peonil: Todas as persoas, deberán entrar pola porta destinada a entrada. Nela procederase a comprobar a súa acreditación e ao control de temperatura corporal.
- Acceso para vehículos: Polo lugar destinado á entrada de vehículos só poderán entrar os que dispoñan da acreditación que llo permita. En cada vehículo poderán chegar varios membros do equipo pero só poderá entrar o condutor, ao que se lle comprobará a súa acreditación e faráselle un control de temperatura. **As demais persoas que viaxen no vehículo deberán baixarse do mesmo e entrar ao recinto polo acceso peonil faráselle un control de temperatura.**

- Rexistro mediante web ou app: Todas as persoas relacionadas co rallye, tanto participantes como persoal de seguridade, comisarios, medios de prensa, e todo o persoal da organización, deberán rexistrarse telemáticamente na WEB www.rallyesanfroilan.wordpress.com para obter unha acreditación que será unha pulseira de Cor, numerada que lle permita acceder ao recinto.
- Os afeccionados deberán facer o rexistro na web: www.rallyesanfroilan.wordpress.com, onde obterán un código QR persoal, que lle acredita a asistencia a proba
Empregase o mesmo sistema que nos rallyes do Nacional disputados en Galicia, este sistema e o desenvolvido pola empresa RallyCar, e cedido pola mesma para o control do público nesta proba.
- Limitación aforo para afeccionados: O número de afeccionados que poderán acceder á zona de asistencia será limitado en función do espazo dispoñible e dos aforos establecidos polas autoridades sanitarias, permitindo garantir sempre a distancia de seguridade interpersoal. O control de acceso será indispensable para xestionar o aforo do recinto e saber en tempo real o número de persoas que están dentro.
- Limitación número membros por equipo: Para respectar as distancias de seguridade entre persoas nas zonas de traballo, tamén se limitará o número de membros de cada equipo. **(especificado no apartado de PERSOAL ASISTENCIA DE EQUIPOS PARTICIPANTES, paxina 4)**

➤ Plan de seguridade

- O protocolo para seguir en caso da aparición dunha persoa con síntomas compatibles co COVID-19 e o indicado no apartado 6 / paxina 17 do **PROTOCOLO FISIICOVID-DXT GALEGO DA XUNTA DE GALICIA**
- Ademais de todas as medidas a tomar, dispoñeráse dunha zona/habitación para o confinamento da persoa ata que o servizo de emerxencias 112 tome as decisións oportunas.

➤ Difusión do evento

- Priorizarase a difusión da proba por vía dixital en redes sociais e a través de TV, con amplos resumos tanto a nivel local, rexional como nacional.

➤ Comunicación

- Toda a comunicación de documentos, avisos ou notificacións cos participantes realizarase por vía telemática, a través do Taboleiro de Anuncios (web do rallye) e do correo electrónico.
- En caso de ser necesario a celebración dun briefing, este realizarase por vídeo conferencia.

➤ Recoñecementos

- Será obrigatorio en todo momento o uso de máscara para todos os participantes.
- Para recoller a documentación e XPS a empregar nos recoñecementos, manterase como mínimo a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros, na cola de espera, e esperácese a quenda correspondente a cada participante

➤ Cerimonias

- Reduciranse e evitarán na medida do posible, todo tipo de cerimonias e actos que poidan congregar un alto número de persoas.

➤ Sala de Prensa

- Elimínase a sala de prensa. Todos os xornalistas e medios de comunicación acreditados terán cumprida información a través da web do rallye, dos tempos on- line.

➤ Espazos pechados:

- Os emprazamentos que sexan por necesidade nun espazo pechado, Ventiláranse de forma continuada os espazos pechados para renovar o aire.

➤ Distancia interpersonal:

- En este documento cando nos referimos a distancia mínima interpersonal estamos falando de por lo menos 1,5 m.

➤ Responsables de funcións e vixilancia das medidas do Protocolo:

- D. Francisco Javier Vazquez Alvarez (presidente Team Medical Galicia)
- D^a Maite Vilanova López (Presidenta Escudería Miño Lucense)

PARTICIPANTES

➤ Equipamento persoal

- Será obrigatorio o uso de máscara para todos os participantes, excepto cando non estean no coche competindo ou preparados para competir nos treitos cronometrados nese intre usarán o sotocasco.
- equipamento persoal de piloto e copiloto cumprirá con todas as normas da FGA vixentes.
- Se recomenda un uso periódico de xeles hidroalcohólicos para limpeza de mans.

➤ Rexistro

- Ademais da inscrición no rallye cada membro do equipo, piloto e copiloto individualmente, deberán formalizar o seu rexistro terán que cumprimentar, **cinco días antes do inicio do rallye**, a DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19 na web do rallye, ou no seguinte enlace:

REXISTRO PARTICIPANTES

Este rexistro proporcionaralles a obtención dunha pulseira de cor numerada que servirá como pase permanente para acceder á zona de asistencia, parque pechado, etc.

➤ Toma de Temperatura

- Os equipos Pilotos e Copilotos tomaráselle a temperatura varias veces durante o transcurso da proba.

➤ Distancia persoal

- Rogase encarecidamente que os participantes manteñan a distancia de seguridade interpersonal de alomenos 1,5 metros en todo momento, especialmente no parque pechado, reagrupamentos, zona de reposición, e controis horarios.

PERSOAL ASISTENCIA DE EQUIPOS PARTICIPANTES

➤ Equipamento persoal

- Será obrigatorio o uso de máscara para todos os membros dos equipos.

- Recomendase un uso periódico de xeles hidroalcohólicos para limpeza de mans.

➤ **Rexistro**

Cada membro do equipo de forma individual, deberán formalizar o seu rexistro E cumprimentar, cinco días antes do inicio do rallye, a DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19 na web do rallye ou no seguinte enlace:

REXISTRO ASISTENCIAS PARTICIPANTES

Este rexistro proporcionaralles a obtención dunha pulseira de cor numerada que servirá como pase permanente para acceder á zona de asistencia.

- Acceso para vehículos: Polo lugar destinado á entrada de vehículos só poderán entrar os que dispoñan da acreditación que llo permita. En cada vehículo poderán chegar varios membros do equipo pero só poderá entrar o condutor, ao que se lle comprobará a súa acreditación e faráselle un control de temperatura. **As demais persoas que viaxen no vehículo deberán baixarse do mesmo e entrar ao recinto polo acceso peonil, e faráselle un control de temperatura.**

➤ **Distancia persoal**

- Rogase encarecidamente que todos os membros do equipo manteñan a distancia de seguridade interpersonal de alomenos 1,5 metros en todo momento.

➤ **Límite de persoal**

- Establecese un límite máximo de persoas nun mesmo equipo con acceso á zona de asistencia, de acordo co seguinte:

Tipo de Equipo	Nº máximo de persoas
Equipo con 1 coche	3 persoas + piloto e copiloto
Sponsor Copa de Promoción	3 persoas

- Ademais desta limitación, na zona de traballo de cada equipo e mentres os vehículos están nela, non poderá haber máis de 3 mecánicos por coche traballando simultaneamente sobre o mesmo. Ademais, para os equipos prioritarios, nesa zona poderá estar 1 enxeñeiro por equipo e 1 director de equipo.
- **"Debe procurarse" manter en todo momento, a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros.**

PERSOAL DE CONTROIS HORARIOS, DE SEGURIDADE E COMISARIOS DE RUTA

➤ **Equipamentos persoal e material**

- Será obrigatorio o uso de máscara para todos.
- Se recomenda un uso periódico de xeles hidroalcohólicos para limpeza de mans.
- Será recomenda encarecidamente a limpeza periódica de elementos de comunicación (teléfono, emisora, etc.) e os aparellos de cronometraxe.

➤ **Rexistro**

Cada persoa de forma individual, deberán formalizar o seu rexistro E cumprimentar, cinco días antes do inicio do rallye, a DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19 na web do rallye ou no seguinte enlace:

REXISTRO PERSOAL ORGANIZACION

- Este rexistro proporcionaralles a obtención dunha pulseira de cor numerada que servirá como pase permanente para acceder á zona de asistencia e outros espazos de acceso restrinxido.

➤ **Distancia persoal**

- Rogase encarecidamente que as persoas manteñan a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros en todo momento.
- Establecese un límite máximo de DÚAS persoas por función ou tarefa en cada control.

PERSOAL DO EQUIPO ORGANIZATIVO, DIRECCION DE CARRERA, COMISARIOS DEPORTIVOS E COMISARIOS TECNICOS

➤ **Equipamento persoal e material**

- Será obrigatorio o uso de máscara para todos.
- Recomendase un uso periódico de xeles hidroalcohólicos para limpeza de mans.
- Recomendase encarecidamente a limpeza periódica dos elementos de traballo (teléfonos, emisora, computadores, impresoras, fotocopiadoras, etc.)

➤ **Rexistro**

- Cada persoa de forma individual, deberán formalizar o seu rexistro e cumprimentar, cinco días antes do inicio do rallye, a DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19 na web do rallye ou no seguinte enlace:

[REXISTRO PERSOAL ORGANIZACION](#)

- Este rexistro proporcionaralles a obtención dunha pulseira de cor numerada que servirá como pase permanente para acceder á zona de asistencia e outros espazos de acceso restrinxido.

➤ **Distancia persoal**

- Rogase encarecidamente que as persoas manteñan a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros en todo momento.

PERSOAL DOS MEDIOS DE PRENSA ACREDITADOS

➤ **Equipamento persoal e material**

- Será obrigatorio o uso de máscara para todos.
- Será obrigatorio estar en posesión da licenza federativa e o uso do chaleco (segundo normativa FGA)
- Recomendase un uso periódico de xeles hidroalcohólicos para limpeza de mans.

➤ **Rexistro**

- Cada persoa de forma individual, deberán formalizar o seu rexistro e cumprimentar, cinco días antes do inicio do rallye, a DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19 na web do rallye ou no seguinte enlace:

[REXISTRO MEDIOS DE PRENSA](#)

- Este rexistro proporcionaralles a obtención dunha pulseira de cor numerada que servirá como pase permanente para acceder á zona de asistencia.

➤ **Distancia persoal**

- Rogase encarecidamente que as persoas manteñan a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros en todo momento.

➤ Espazo de traballo

- Tal e como se indica no apartado de medidas xerais, non haberá sala de prensa e toda a información seralles proporcionada a través da web do rallye e outros medios telemáticos.
- Nos tramos cronometrados deberán de dispoñer do chaleco obrigatorio (normativa FGA). Deberán manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- Na zona de asistencia non poderán entrar na zona de traballo dos equipos nos momentos de traballo, salvo autorización expresa do xefe de equipo e sempre que se poida manter a distancia interpersoal.

DESENROLO DO RALLYE

➤ Entrega de documentación, adhesivos e GPS

- Despois de realizar a inscrición a través da web **FORMULARIO DE INSCRIPCION** todos os documentos que os participantes necesiten achegar, serán enviados obrigatoriamente por correo electrónico a: inscripcionrsanfroilan@gmail.com
- A entrega de documentación, adhesivos e GPS realizarase no lugar e horario establecido no Programa Horario do rallye, ou no complemento se procede. Será obrigatorio cumprir ese horario para evitar a aglomeración de persoas.
- Só poderá recoller a documentación unha persoa do equipo.
- Todo o material para entregar atoparase nunha bolsa identificada co número do participante. Simplemente terá que recoller a súa bolsa e o GPS que lle corresponde.
- Tratarase, na maior medida posible, de eliminar todos os documentos en papel, que serán entregados a través de correo electrónico e publicados na web do rallye.

➤ Acreditacións de prensa

- So os medios de prensa que dispoñan de licencia federativo poderán estar presentes no 42 Rallye Recalvi San Froilán deberán solicitar a súa acreditación a través do formulario da web
Despois de realizar a solicitude e ser confirmada, Cada persoa de forma individual, deberán formalizar o seu rexistro e cumprimentar, cinco días antes do inicio do rallye, a DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19 na web do rallye ou no seguinte enlace: **REXISTRO MEDIOS DE PRENSA**
- Este rexistro proporcionaralles a obtención dunha pulseira de cor numerada que servirá como pase permanente para acceder á zona de asistencia

➤ Verificacións técnicas previas

- As verificacións técnicas desenvolveranse na zona designada a tal efecto preto do Aparcadoiro do Hotel Forum CEOA o venres 16 de outubro entre as 16:00 e as 20:00 horas.

- Realizaranse calles designadas a tal efecto, para a repartición dos participantes.
- Establecerase un horario para cada un dos participantes que será publicado no Taboleiro de Anuncios.
- Cinco minutos antes da hora prevista, o coche deberá estar completamente limpo e desinfectado. A zona de traballo ao redor do coche deberá estar completamente libre e só un membro do equipo estará presente, cos documentos (ficha de homologación e pasaporte técnico) e materiais necesarios para a verificación.
- Os vehículos deberán estar desmontados en condicións no caso de que haxa que precintar elementos mecánicos.
- Unha vez realizada a verificación técnica, o vehículo ha de ser conducido a zona de pesada da FGA. Só poderá ir o condutor e á hora establecida.
- Establecerase un horario para cada un dos participantes.

➤ Zona parques de Custodia e de reagrupamento.

- Parque estará situado no Aparcadoiro do Auditorio Municipal Gustavo Freire, (PARQUE DA MILAGROSA).
- O acceso o interior do parque e exclusivo para os equipos e persoal da organización acreditado e rexistrado, segundo as condicións anteriormente descritas, estando controlado o acceso o mesmo por persoal da organización.
- O público que desexara asistir, poderá ver os vehículos alí estacionados dende o exterior dos muros do aparcadoiro, nas veira rúas, sendo unha zona bastante ampla para poder manter a distancia de seguridade interpersoal.
- Para o control do mesmo, e controlar o uso da máscara e distancia seguridade interpersoal de 1,5 metros, la organización dispoñerá de membros da organización e seguridade privada, para evitar as posibles aglomeracións neste emprazamento.
- Na zona principal de saída dos vehículos, será valada para evitar aglomeracións, tendo este espazo valado un aforo garantindo as medidas de seguridade interpersoal, o cal será limitado ata un máximo de 300 persoas, garantindo a distancia de seguridade de alomenos 1,5 metros, no caso de que no momento de celebración do Rally non houbera as restricións actuais para o público no Concello de Lugo. Neste momento, permíten 150 persoas debendo estar ademáis sentados en todo momento e a unha distancia mínima de alomenos 1,5 metros.
- O control do mesmo será realizado por seguridade privada empregando o control de acceso do público co QR
- Debérase rexistrar no seguinte enlace, para obtención dun código QR, na paxina web do rallye ou no seguinte enlace:
REXISTRO DO PÚBLICO (e o mesmo rexistro que para os treitos)
- Dito código será solicitado o publico asistentes, por persoal designado pola organización, en caso de non dispoñer del, non poderá acceder a zona delimitada.
- Procurarase manter a distancia de seguridade interpersoal entre os participantes e o público asistente e o uso de máscara será obrigatorio para todo o público asistente.

➤ Saída do rallye

- Non existe Cerimonia de Saída Protocolaria dende o pódium situado no Aparcadoiro do Auditorio Municipal Gustavo Freire PARQUE DA MILAGROSA. Pero si partirán desde el os vehículos o venres.
- Os vehículos estarán no Parque de Custodia no Aparcadoiro do Auditorio Municipal Gustavo Freire, (PARQUE DA MILAGROSA). o venres despois das verificacións e partirán para o parque de traballo de Outeiro de Rei as 21:30, onde pernoctarán.
- A entrega do carné de ruta realizarase no C. H.1, quince (15) minutos antes da hora teórica de saída de cada participante. Non deberán acudir a este control horario antes dese momento, para evitar aglomeracións. Cada participante acudirá ao C. H. exactamente no seu minuto para recoller o carné, e non permanecerá alí máis do tempo necesario para este labor.

➤ Zona parque de traballo

- O parque de traballo está emprazado o aire libre no Polígono Industrial de Outeiro de Rei. Tendo unha superficie de 94.800 m² o que facilita evitar aglomeracións e manter a distancia de seguridade interpersoal en todo momento, coa responsabilidade de todos.
- O aforo do parque de traballo será limitado a un total de 1.000 persoas, incluíndo equipos, asistencias e público.
- O Público que desexase asistir débese rexistrar no seguinte enlace, para obtención dun código QR, na paxina web do rallye ou no seguinte enlace:
[REXISTRO DO PÚBLICO \(e o mesmo rexistro que para os treitos\)](#)
- O acceso o parque de traballo para os equipos estará limitado, segundo as condicións anteriormente descritas. No apartado de límite de persoal na paxina 4
- Cada equipo dispoñerá do espazo que lle corresponda segundo a normativa da FGA.
- A disposición das zonas do parque de traballo para os diferentes equipos facilitará manter a distancia de seguridade interpersoal entre os diferentes equipos e dentro destes entre os seus membros.
- En caso de asistencia lindeiras, recoméndase que sempre haxa un vehículo entre ambos os espazos; ou unha carpa con paredes laterais.
- Recomendase que os membros dos equipos non saian da súa zona salvo para necesidades xustificadas.

➤ Declaración de pneumáticos

- Cada equipo que este na obriga de declarar a monta de pneumáticos deberá encher o formulario de Declaración de Pneumáticos en cada sección do rallye, como indica a normativa FGA.
- Este formulario encherase telemáticamente a través desta ligazón:
[DECLARACIÓN DE PNEUMÁTICOS](#)
- Deberá ser presentado antes de que o coche entre na zona de marcaxe.
- No proceso de marcaxe recoméndase encarecidamente manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

➤ Custodia e reagrupamentos

- Nos parques de custodia e zonas de reagrupamento, recoméndase fortemente que os equipos non se agrupen e manteñan a distancia persoal recomendada.

- Todos os participantes deberán facer uso de máscara cando permanezan fora dos seus coches nestas zonas.

➤ **Treitos cronometrados**

- Os treitos cronometrados son un espazo aberto, o que facilita evitar aglomeracións e manter a distancia de seguridade interpersonal en todo momento, coa responsabilidade de todos.
- Disporase de persoal da organización e protección civil, para o control do público, e Procurarase manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros, **e o uso de máscara será obrigatorio en todo momento para todo o público asistente.**
- Nos Tres treitos cronometrados, nos principais puntos de acceso e afluencia de público, realizarase o control de acceso, mediante (Código QR) con membros da organización, e cando os afeccionados queiran acceder o treito, pasaran obrigatoriamente polo punto de control
- Recomendase encarecidamente que todos os afeccionados que gocen do rallye nos tramos manteñan a distancia de seguridade recomendada, e o uso obrigatorio sempre máscara.
- Rallye RECALVI San Froilán ofrece innumerables accesos a cada un dos treitos. Os afeccionados poden descubrir numerosos e espectaculares puntos para ver o rallye. Para iso desde a organización recoméndase chegar ao treito con suficiente antelación para buscar un punto seguro e cómodo.
- Hai suficiente espazo nos tramos para que moitos afeccionados poidan ver aos seus pilotos preferidos, mantendo ao mesmo tempo as medidas de seguridade, tanto a distancia entre persoas como a distancia e altura coa estrada.
- Todos os afeccionados que queiran acudir a presenciar a proba deberán formalizar e cumprimentar, a DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19 na web do rallye ou no seguinte enlace:
 - **REXISTRO DO PÚBLICO (e o mesmo rexistro que para os parques)**
Este rexistro proporcionaralles un código QR que servirá como pase permanente para acceder os treitos cronometrados.

➤ **Final do rallye – Cerimonia de Entrega de Trofeos**

- Tódolos equipos participantes quedarán en Parque de Custodia no Aparcadoiro do Auditorio Municipal Gustavo Freire no Parque da Milagrosa ata a publicación da clasificación final oficial.
- Os tres primeiros clasificados do rallye, e os que obteñan trofeo por algunha das clasificacións, serán levados á zona de pódium.
- NO CELEBRARÁ una Cerimonia de Entrega de premios, pública, soamente se lle fará entrega dos trofeos os premiados (exclusivamente, piloto e copiloto) sen asistencia de público, nin outros membros do equipo.

➤ **Verificacións finais**

- Só poderán acceder dous mecánicos do equipo por coche e o concursante. Deberán obrigatoriamente de usar máscara, e recoméndase o uso de luvas.
- Haberá que respectar na medida do posible a distancia persoal recomendada.

- Os equipos deberán de dispoñer da súa propia ferramenta para o desmonte dos elementos para verificar. Non se poderá usar nin tocar ningunha ferramenta ou material do taller onde levarán a cabo as verificacións.

➤ **Relacións cos participantes**

- Calquera comunicación coas persoas encargadas das relacións cos participantes, realizarase preferentemente vía telefónica.
- Se é necesario enviar un documento recoméndase facelo por correo electrónico á secretaría da proba, ou se non é posible, a través do WhatsApp o teléfono da persoa encargada das relacións cos participantes.
- A entrega de documentos (notificacións, avisos, comunicacións, etc.) aos participantes realizarase sempre de forma telemática (correo electrónico, SMS, WhatsApp, etc.)